

## CURSO 2020/2021- EDUCACIÓN INFANTIL

Estimadas familias:

Debido ó Covid – 19 e seguindo o protocolo non podemos facer unha reunión presencial, polo tanto é moi importante que leades toda a información que proporcionamos neste documento.

A continuación presentamos ó Equipo Directivo e os mestres e mestras que compoñen o ciclo da Educación Infantil.

### Equipo directivo e mestres/as que compoñen o ciclo de infantil:

O equipo directivo está formado por : M<sup>a</sup> Dolores Nieto, M<sup>a</sup> Dolores Pérez e César Ramos.

O profesorado relativo á Educación Infantil será o seguinte:

- ❖ 3 anos A: M<sup>a</sup> Carmen BustoBouzas.
- ❖ 3 anos B: M<sup>a</sup> Carmen Mourelle.
- ❖ 4 anos A: Sandra Fraga Leis.
- ❖ 4 anos B: Mercedes Blanco Gerpe.
- ❖ 5 anos A: Victoria Tuñas Tomé.
- ❖ 5 anos B: Aurora Baña Fuentes.
  - Apoio 1 : Sandra Pais Gómez.
  - Apoio 2: Nerea Paz Sar.

Especialistas:

- Relixión: María Isabel Prados García.
- Inglés: Ana Rilo Barral.
- Psicomotricidade e Música serán impartidas polas mestras de apoio.

Horario:

- Setembro e Xuño: 9:00 a 14:00 h.
- Outubro ata Maio: xornada partida de 9:30-13:15 e de 15:05 a 16:15 h.  
*Excepto os Luns que o horario é de 15:20 a 16:30 h.*

## Normas xerais para o curso 2020/2021

### 1. Vestimenta:

- a. Roupa cómoda, que lle sexa fácil vestirse e espirse (evitar cintos, tirantes, petos...).
- b. O calzado a poder ser con velcros, facilitándolles así a súa propia autonomía.
- c. Recomendamos coserlle unha cinta xeitosa duns 10 cm aos abrigos e aos mandilóns para que lles sexa máis fácil de colgar.
- d. Os mandilóns con botóns, preferiblemente grandes, para que poida agarralos mellor (**Importante ler as pautas finais de uso obrigado, relativo ós mandilóns**).
- e. Toda a roupa ten que vir identificada co nome do neno/a e coa clase a que pertencen.

**Non poden vir con cueiros** e procurade que vaian o baño antes de saír da casa, posto que NON PODEMOS CAMBIAR A NINGÚN NENO/A EN NINGUNHA CIRCUNSTANCIA, XA QUE ISTO SUPÓN UN RISCO MOI IMPORTANTE PARA O RESTO DOS NENOS/AS QUE QUEDAN NA AULA SÓS, MENTRAS O MESTRE/A INTENTAMUDALO.

### 2. Merendas:

Este ano por motivos de alerxias e intolerancias graves só se poderá mandar de merenda:

- a. froita (excepto o Kiwi), preferiblemente toda ela pelada e cortada en anacos.
- b. Lácteos (preferiblemente de sabor fresa, coco, limón...ou naturais), non poden ser iogures de chocolate nin variantes como as natillas ou os flans.

**Pregamos a colaboración de todos e todas posto que é importante que se cumpra esta norma.**

### 3. Aniversarios:

Ao **existir alerxias e intolerancias graves**, o equipo de infantil decidiu celebrar os aniversarios sen ningún tipo de comida, polo tanto non se traerá nada dende as vivendas.

### 4. Horario:

Rógase PUNTUALIDADE tanto na hora de entrada como na de saída.

*Se as faltas de puntualidade non están xustificadas, o alumno ten que esperar ata que toque o timbre da seguinte sesión.*

*1 falta de asistencia corresponde a 1 sesión de clase, no día hai 5 sesións. Se 1 alumn@ falta un día, vai a ter 5faltas.*

*Tamén establecemos diferencias entre as faltas de asistencia e as faltas de puntualidade, e contan tanto unhas coma as outras.*

**Importante:** Cando un neno chega tarde por un motivo xustificado hai que cubrir **O PARTE** en conserxería, e o conserxe é quen se encarga de levalo á súa clase, o mesmo se se recolle un neno para ir comer á casa antes do tempo regulamentario ou por outras causas.

Se por algún motivo, o conserxe non está, habería que subir á secretaría e cubrir o parte alí. Os nenos e nenas quedarán xunto ó conserxe ou soben a secretaría evitando o tránsito nos corredores.

**Este ano débese evitar acudir ao centro, en caso de ter que vir débese concertar unha cita previa.**

## 5. Entradas e saídas

Estarán detalladas na páxina web do centro

**Importante:** **Avisar** con antelación se ven alguén que non sexa a persoa habitual a recollelos, ou se hai algún problema particular para recoller os nenos. Neste caso, só se poden autorizar 4 persoas:

- Nai ( ou titora legal)
- Pai (ou titor legal)
- Outras 2 persoas máis.

## 6. Transporte:

Neste curso continuamos coa organización porrutas.

## 7. Tutorías:

Por mor do Covid-19, as tutorías concertaranse preferiblemente a través da aplicación abalar móbil, se non é posible podedes chamar ó centro (881-86-69-18). Unha vez concertadas, será a titora quen se poña en contacto coas familias.

**Importante:** todas as familias deben ter instalado a aplicación abalar móbil.

- **Só se atenderán ás familias de xeito presencial en casos excepcionais.**

## 8. Listado de material:

Colgarase na páxina web o listado de materiais elaborado polas titoras, e informarse a través da aplicación abalar móbil de que xa está subido. É moi **importante** que a bolsa veña cerrada co nome e curso do neno/a (indicarse o día para achegalo ó colexio).

## MEDIDAS IMPORTANTES NESTE CURSO ESCOLAR E DE OBRIGADO

### CUMPRIMENTO:

- a. Se o neno/a non se atopa ben pola mañá, non o mandedes.
- b. As menciñas no colexio encargárase de darllas un familiar do neno/a, previo aviso ó centro.
- c. Se teñen febre, non os mandedes ao centro, para evitar posibles contaxios. Tamén vos solicitamos que nos informedes sobre enfermidades contaxiosas que poidan estar sufrindo os vosos fillos/as.
- d. Atender á información dos piollos, que será comunicado a través de abalar móbil, e aplicar o tratamento de xeito correcto.
- e. Se hai algún tipo de alerxia, enfermidade ou algún problema que debamos saber debedes informar ó titor/a xa agora ao comezo.
- f. Os teléfonos e direccións deben estar actualizados, ante calquera cambio prégase comunicalo.
- g. As titoras de 3 anos chamarán ás familias para comunicarlles a que hora teñen que vir os vosos fillos/as o primeiro día. Posteriormente, entregarán un listado individual por alumno cos horarios do período de adaptación, que durará todo o mes de Setembro.
- h. Os nenos e nenas traerán 2 máscaras ( unha virá posta dende a casa e outra de reposo gardada nunha bolsiña).
- i. **Os mandilóns deberán traer:**
  - Os nenos/as que non usen o transporte (casa) :unha etiqueta amarela cosida no mandilón co nome do neno/a, o grupo ao que pertence (3 anos A, 3 anos B...) , e que poña casa. Todo en letras de cor negra.
  - Os nenos/as que fagan uso do transporte: unha etiqueta branca cosida co nome do neno/a, o curso e o número de ruta. As letras en cor negra.
  - Os nenos/as que vaian a tardes deben engadir a palabra TARDES no mandilón.
  - Os mandilóns irán todos os días para a casa. Os nenos/as deben traelos postos xa dende a casa e saíran do colexio con el.

- j. Todas as prendas deberán vir identificadas co nome do neno/a e o curso. As prendas perdidas serán desbotadas se non se reclaman nun prazo de 24 horas.
- k. As viseiras traeranse e levaranse todos os días ( se non hai sol non fai falta que a mandedes).
- l. Mochilas pequenas co nome no exterior e curso ben visible.
- m. As botellas de auga teñen que traer o nome e curso do neno/a.
- n. Prohibido traer xoguetes da casa.
- o. Importante ser puntuais.
- p. Para unha información máis detallada sobre o Covid, pregamos que revisedes o Plan de Acollida e a Guía sobre o Covid-19 establecido polo centro e colgado na Páxina Web.

**RECORDADE QUE NON SE PODE ACUDIR Ó CENTRO SALVO CASOS EXCEPCIONAIS E CITA PREVIA.**

**Un saúdo dende o Equipo de Infantil**